



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez e D. José Antonio Real Vázquez (ausentes o sres. concelleiros D. Manuel López Armesto -previa excusa- e D. José Aurelio López López -sen excusa previa-), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión "**ordinaria**" do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ANTERIOR LEVADA A CABO EN DATA 07/12/2018.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 07/12/2018, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Non habendo observacións, queda aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (sete votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno coa súa posta a disposición aos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2018-0194 ata o nº 2018-0213 e dende o nº 2019-0001 ata o nº 2019-0007).

O Pleno dáse por enterado.

3º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN CO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2019.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 29 de xaneiro de 2019, por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros, emitiu o ditame cuxa parte dispositiva se reproduce:



“

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2019, integrado únicamente polo Orzamento do concello de Samos, coa documentación anexa referida legalmente e que se une ao expediente, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe (euros)	Capítulo	Denominación	Importe (euros)
1	Gastos del persoal	725.372,57	1	Impostos directos	219.254,77
2	Gastos correntes en bens e servizos	360.033,26	2	Impostos indirectos	7.375,88
3	Gastos financeiros	650,00	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	258.333,62
4	Transferencias correntes	20.200,00	4	Transferencias correntes	641.041,56
			5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Investimentos reais	49.750,00	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	30.000,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		1.156.005,83	TOTAL INGRESOS		1.156.005,83

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal do concello, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Aprobar inicialmente a masa salarial do persoal laboral deste concello para o ano 2019, que ascende a 353.591,18€.

QUINTO. Expoñer ao público por un prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SEXTO. Remitir copia do expediente orzamentario aprobado ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.”

Visto o Orzamento Xeral deste concello correspondente ao exercicio económico 2019, así como as súas bases de execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, dacordo co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 18 do Real



decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes de secretaría e de intervención obrantes no expediente, emitidos en data 24/01/2019.

Visto o informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e nivel de débeda do día 24/01/2019, o cal a continuación se transcribe aos efectos da constancia da súa elevación ao Pleno:

“

Informe de Intervención

Expediente nº: 21/2019

Procedemento: Aprobación Orzamento Xeral do exercicio 2019

Asunto: Avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda

INFORME DE INTERVENCIÓN

Dacordo co ordeado pola alcaldía segundo Providencia e en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a funcionaria que subscribe informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda con motivo da aprobación do Orzamento Xeral do exercicio 2019:

1.- NORMATIVA REGULADORA:

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).*
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).*
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).*
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.*
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.*
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.*
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea.*
- Regulamento 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (DOCE 26/06/2013), que aproba o SEC 2010.*



2.- **OBXECTO DO INFORME:**

2.1.- *O artigo 15.2 da OM establece que, antes do 31 de xaneiro de cada exercicio, as Corporacións Locais comunicarán a seguinte información:*

a) *Os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orde, dos investimentos previstos realizar en exercicio e nos tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.*

Se ao 31 de xaneiro non se aprobou o Orzamento, deberá remitirse o prorrogado coas modificacións derivadas das normas reguladoras da prórroga, ata a entrada en vigor do novo Orzamento.

b) *A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas.*

c) *O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda.*

d) *A información relativa a persoal recollida nos apartados 1 e 2 do artigo 7.*

Esto implica que a Intervención, ou órgano que exerza as súas funcións, da Corporación Local (artículo 4.1.b), ten que comunicar ao Ministerio de Facenda a seguinte información:

1. *De cada unha das entidades comprendidas no ámbito de aplicación da Orde, que inclúe as Corporacións Locais, de acordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas (artigo 2.1) e o resto de entidades dependentes das Corporacións locais, non incluídas no apartado anterior (artigo 2.2):*

a) *Se a Entidade está sometida a Orzamento Limitativo/Contabilidade Pública:*

- Orzamento aprobado para o exercicio ou, no seu caso, o prorrogado ata a aprobación do Orzamento.*
- Investimentos previstos realizar no exercicio e nos tres seguintes.*
- Estado de movementos e situación da débeda.*
- Dotación de persoais e efectivos previstos no exercicio (Información requirida por aplicación do disposto en artigo 15.2.d da Orde).*
- Información que permita relacionar o saldo resultante de ingresos/gastos coa capacidade ou necesidade de financiamento, de acordo co Sistema Europeo de Contas (axustes SEC).*
- Información complementaria para análise de Regra do Gasto.*

b) *Se a Entidade está suxeita ao Plan de Contabilidade de Empresas ou ás súas adaptacións sectoriais:*

- Estados financeiros iniciais (Balance, Conta de Perdidas e Ganancias e Estado de fluxo de fondos previsionales) para o exercicio.*
- Investimentos previstos realizar no exercicio e nos tres seguintes.*
- Estado de movementos e situación da débeda.*



Dotación de persoais e efectivos previstos no exercicio (Información requirida por aplicación do disposto en artigo 15.2.d da Orde).

Se a entidade forma parte do sector Administracións Públicas de acordo coa delimitación do SEC aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, incluírase ademais a seguinte información:

– Previsión da Capacidade/necesidade de financiamento da entidade no exercicio calculada conforme ás normas SEC.

– Información complementaria para análise de Regra do Gasto.

2. Informe da Intervención local de cumprimento dos obxectivos de estabilidade, da regra do gasto e do límite de débeda para o grupo de entidades Sector Administracións Públicas (Corporación Local de acordo coa delimitación SEC).

3. Informe da Intervención local, individual de cada unha das entidades dependentes da Corporación Local non clasificadas no Sector Administracións Públicas, de cumprimento da estabilidade orzamentaria en termos de equilibrio financeiro (artigo 3.3 da Lei 2/2012).

De acordo co artigo 5 da Orde, a obrigaón de remisión da información indicada no punto anterior, realizarase por medios telemáticos. Para iso habilitarase na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais o sistema que permita o seu cumprimento a través da apertura da plataforma correspondente no prazo sinalado.

O sistema permitirá a comunicación da citada información a través de formularios habilitados para o efecto.


2.2.- CUMPLIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE.

O artigo 1 da LOEOSF establece:

“Constitúe el objeto de la presente Ley el establecimiento de los principios rectores, que vinculan a todos los poderes públicos, a los que deberá adecuarse la política presupuestaria del sector público orientada a la estabilidad presupuestaria y la sostenibilidad financiera, como garantía del crecimiento económico sostenido y la creación de empleo, en desarrollo del artículo 135 de la Constitución Española. Asimismo, se establecen los procedimientos necesarios para la aplicación efectiva de los principios de estabilidad presupuestaria y de sostenibilidad financiera, en los que se garantiza la participación de los órganos de coordinación institucional entre las Administraciones Públicas en materia de política fiscal y financiera; el establecimiento de los límites de déficit y deuda, los supuestos excepcionales en que pueden superarse y los mecanismos de corrección de las desviaciones; y los instrumentos para hacer efectiva la responsabilidad de cada Administración Pública en caso de incumplimiento, en desarrollo del artículo 135 de la Constitución Española y en el marco de la normativa europea.”

O seu artigo 3 sinala que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei (entre os que se atopan as Corporacións Locais) realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendéndose por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Pola súa banda o seu art. 11.4 sinala que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros en data 20 de



xullo de 2018, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria en termos SEC 2010 para as Entidades Locais no trienio 2019-2021 o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados previsionales dedúzase que incorren en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior á que lle toque achegalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

2.2.1.- ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local:

- Entidade Local: CONCELLO DE SAMOS*
- Organismos Autónomos: Non existen*
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen*

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 2010).

- Sociedade Mercantil: Non existen.*

2.2.2.- DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE ORZAMENTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo do seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.



Dado que na data de redacción do presente informe aínda non está aprobada a liquidación correspondente ao exercicio 2018, tómasse como base para os cálculos os datos da última liquidación aprobada, a do exercicio 2017.

Por tanto, a estabilidade orzamentaria pasará por calcular:

A) Saldo orzamentario non financeiro: (Cap. 1 a 7 de ingresos)- (Cap. 1 a 7 de gastos) = + (capacidade de financiamento) / - necesidade de financiamento.

B) Saldo orzamentario no financeiro +/-ajustes SEC 2010 = + (capacidade de financiamento) / - necesidade de financiamento en términos del Sistema Europeo de Cuentas.

AXUSTES:

A realización dos axustes efectuouse seguindo o Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado pola IGAE, e o formulario F.1.1.B1 do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades Locais.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

A) INGRESOS:

Axustes a realizar (os máis comúns):

A.1).- Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Gastos.

Aplicarase o criterio de caixa, axustando as previsións iniciais dos devanditos capítulos no Orzamento prorrogado do exercicio 2018 en función da porcentaxe de recadación (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo) tomando os datos da liquidación do exercicio 2017, última aprobada.

Cálculo das porcentaxes de recaudación nos distintos capítulos:

Capítulos	a) DRN liquidación Orzamento 2017 exercicio	Recadación (Liquidac. 2017)		d) Total recadación	e) % recadación
		b) Exercicio corrente	c) Exercicios pechados		
1	223.952,94	9.421,68	137.017,96	146.439,64	65,39%
2	5.432,14	5.432,14	0,00	5.432,14	100,00%
3	203.189,12	160.071,96	82.472,98	242.544,94	119,37%



Que aplicado ás previsións iniciais dos capítulos 1 a 3 de ingresos no Orzamento, arroxa os seguintes importes de axuste que reducen (signo negativo)/aumentan (signo positivo) as previsións dos devanditos capítulos:

Capítulos	a) Previsións Proxecto Orzamento 2019 exercicio	% Axuste	Importe axuste
1	219254,77	-34,61%	-75.887,20
2	7375,88	0,00%	0,00
3	258333,62	19,37%	50.036,79

A.2).- Capítulo 4: Ingresos por participación en ingresos do Estado (PIE).

Outro axuste que cabería realizar nesta fase de orzamentación, segundo o formulario que aparece na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, constitúeo o importe que debe reintegrarse durante 2019 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingresos por este concepto en 2019. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, como é o caso do Concello de Samos, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Rematadas no exercicio 2018 as devolucións a reintegrar polas devolucións das liquidacións negativas das PIE dos exercicios 2013 e 2014, e consultadas na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais as dispoñibles a esta data (as dos exercicios 2015 e 2016), a cantidade a reintegrar é 0,00 euros, polo que cos datos actualmente dispoñibles non hai axuste a realizar por este concepto.

B) GASTOS:

B.1).- Capítulo 3.- En contabilidade orzamentaria os xuros, así como calquera outro rendemento derivado do endebedamento, aplícanse ao Orzamento no momento do vencemento, mentres que na contabilidade nacional rexístranse as cantidades devengadas durante o exercicio, con independencia de cando se produza o seu pago. A diferenza que xorde ao aplicar o criterio de caixa e de devesño, na liquidación orzamentaria e en contabilidade nacional respectivamente, dá lugar á realización do correspondente axuste por xuros. Por tanto, deberíamos quitar a parte de intereses que pagándose no ano n devéñanse no n-1, e deberíamos engadir os xuros que se pagarán no ano n+1, pero que se han devengado no ano n. En aplicación do principio de importancia relativa non se considera necesario realizar este axuste dado que se poden chegar a compensar os xuros que se minorasen por vencimientos do exercicio n correspondentes a períodos parciais do n-1, cos aumentos polos devengados parcialmente no ano n, pero que se paguen en n+1. Todo iso aumentado polo feito de que non hai débeda, e de que ascenden a un pequeno importe.



C) OUTROS AXUSTES:

C.1).- Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento. Estes son os gastos recolleitos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar ao 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven incrementalalo mediante a súa aplicación a orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. Pero este axuste como se describiu é aplicable en fase de liquidación do exercicio. Debe considerarse o disposto no Manual da IGAE de cálculo do déficit, páxinas 89 e seguintes, xa que non se trata só do gasto que se coñece como extraxudicial de crédito sen consignación orzamentaria pendente de imputar ao orzamento, senón tamén daquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio.

Este axuste en termos de orzamentación, debería recoller a previsión de saldo entre o gasto que non se poida aplicar a orzamento durante 2019 e o gasto que se imputará a 2019 procedente de 2018, que a estas alturas pode determinarse de maneira bastante aproximada, polo que pode ter tanto signo positivo como negativo, aumentar ou diminuír a capacidade de financiamento.

Non procede pola esta data non ter movementos contables no exercicio 2018 e ter na data de emisión do presente informe, un saldo final en 2018 e inicial en 2019 nulo, e non preverse movementos en 2019.

C.2).- Por inexecución de gastos:

A "Guía para a Determinación da Regra de Gasto (3ª edición)" establece que "Nas Corporacións Locais a execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo para o cálculo do gasto computable nos orzamentos iniciais realizarase un "axuste por grao de execución do gasto" que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros. Con todo, en canto á emisión do informe do interventor local achega do cumprimento da regra de gasto deberase estar ao que establece a Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LO/2012".

Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles gastos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario. E aumentaraos naqueles gastos cuxa execución vaia a superar o importe dos créditos iniciais.

O axuste por grao de execución do orzamento do ano n será o resultado de aplicar a porcentaxe estimada do grao de execución do devandito orzamento, ao importe dos créditos por operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos, no caso do capítulo 3 Gastos Financeiros, unicamente incluíranse os créditos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os créditos por execución de avais.

A porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento do ano n terá como límite, superior ou inferior, a media aritmética das porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do Orzamento de gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados valores atípicos.



No caso de que a media aritmética anterior sexa negativa, implicará unha execución inferior aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grao de execución non poderá superar esta media dando lugar a un axuste que diminuírá os empregos non financeiros no importe resultante de aplicar a porcentaxe estimada aos créditos por operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7) do Orzamento de gastos.

No caso contrario de que a media aritmética sexa positiva quere dicir que se produciu unha execución superior aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grao de execución non poderá ser inferior a dita media, dando lugar a un axuste que aumentará os empregos non financeiros no importe resultante de aplicar a porcentaxe estimada aos créditos por operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos.

Consultada a IGAE, na súa resposta afirma respecto diso do cálculo dos denominados valores atípicos, que "se entende por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado".

A efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúe a media aritmética, que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do Orzamento. Entre outros, consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:

- *Os gastos de natureza extraordinaria, derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións abonadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.*
- *Os gastos financiados con subvencións finalistas, procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen, no cálculo do gasto computable, para a determinación da regra de gasto.*
- *Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais, recoñecidos no mesmo exercicio, dado que, no cálculo do gasto computable, considérase o investimento neto.*
- *Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pago a provedores.*

*Da media do tres últimos exercicios (ou do último exercicio), considerando os créditos iniciais (sen considerar a execución dos créditos de capital incorporados que contan con financiamento afectado, que non forman parte das previsións e que teñen unha porcentaxe de execución irregular) resulta unha porcentaxe de inexecución por capítulos de gastos non financeiros que aplicado ás previsións do orzamento prorrogado de 2018 arroxa o importe de **97.909,44€ a minorar os empregos non financeiros, ou o que é o mesmo, a aumentar a capacidade de financiamento.***

O axuste realizouse comparando os créditos iniciais coas obrigas recoñecidas netas se ben, e dacordo coas consideracións anteriores, as modificacións de crédito realizadas con gastos de carácter finalista pos considerarse valores atípicos non se tiveron en conta no axuste de inexecución.

2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADO DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2019.

En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento débese informar sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe



individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2. Neste caso só o Concello de Samos constitúe a Entidade Local.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiamento por importe de 650,00€, e tras os axustes SEC, capacidade de financiamento en termos SEC por importe de 60.401,96€:

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	1.156.005,83
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	1.155.355,83
TOTAL (a – b)	650,00
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-75.887,20
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	50.036,79
4) Axuste por devengo de xuros	0,00
5) Axuste por liquidación PIE exercicios anteriores	0,00
6) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
7) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
8) Axuste por inexecución	-97.909,44
c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 5)	1.130.155,42
d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 4, 6, 7, 8)	1.057.446,39
e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (c - d)	72.709,04
En porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c)	6,43%



Do que se deriva que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

3.- CUMPLIMENTO DA REGLA DE GASTO:

O artigo 12 da LOEOSF esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto computable entre dous exercicios non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

A Orde Ministerial HAP/2105/2012 que desenvolve as obrigas de subministración de información, modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, publicada no BOE o pasado día 8 de novembro, suprimiu respecto ao cumprimento da regra de gasto, o Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do orzamento aprobado, e establece que deberá efectuarse unha "valoración" trimestral da regra de gasto en fase de execución referida ao 31 de decembro (artigo 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento (artigo 15.4.e).

4.- CUMPLIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA.

O art. 13 da LOEOSF establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que por Acordo do Consello de Ministros de data 20 de xullo de 2018 foi fixado para as Entidades Locais no 2,3% do PIB para o exercicio 2019.

O concello de Samos non ten débeda, polo que a porcentaxe de débeda viva estimada a 31.12.2018 é de 0,00% sobre os ingresos correntes ordinarios previstos no 2019 (suma dos capítulos 1 a 5 de ingresos do orzamento prorrogado do 2018).

5.- CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

O Orzamento da entidade local, única Entidade que conforma o Orzamento Xeral prorrogado do exercicio 2018, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010 así como o obxectivo do límite de débeda pública.

Igualmente, debe darse conta ao Pleno do presente Informe de Intervención de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do nivel de débeda pública.

*A secretaria-interventora,
Asdo.: Ana I. Candame Areosa*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE"



Vista que por parte da alcaldía deuse lectura ao Pleno da memoria explicativa do Proxecto do Orzamento, do teor literal seguinte:

“

Expediente nº: 21/2019

Procedemento: Aprobación Orzamento Xeral do exercicio 2019

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019

Segundo o disposto no artigo 168.1.a) do texto refundido da Lei das facendas locais, aprobado por Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 18.1.a) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, esta alcaldía traslada ao Pleno da corporación o Proxecto de orzamento xeral e as súas bases de execución para o exercicio 2019, cuxo importe ascende a UN MILLÓN CENTO CINCUENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (1.156.005,83 euros) no estado de gastos, e UN MILLÓN CENTO CINCUENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (1.156.005,83 euros) no estado de ingresos, e ao que se achega esta memoria en que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas con respecto ao do exercicio anterior.

Os orzamentos municipais do Concello de Samos para o exercicio 2019 configúranse como a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir os ditos gastos.

Trátase duns orzamentos baseados na austeridade, o control do gasto público, a procura da eficiencia e a eficacia na xestión municipal. Ademais, reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira e o límite de gasto non financeiro da Administración local.

O obxectivo é que este concello sexa unha administración ben xestionada e solvente, que se rexe polo equilibrio orzamentario.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Orzamento 2019	Orzamento 2018
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.156.005,83	1.174.337,55
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	1.106.255,83	1.086.032,28
1	Gastos del persoal	725.372,57	678.024,51
2	Gastos correntes en bens e servizos	360.033,26	384.871,56
3	Gastos financeiros	650,00	950,00
4	Transferencias correntes	20.200,00	22.186,21
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	49.750,00	88.305,27
6	Investimentos reais	49.750,00	88.305,27
7	Transferencias de capital	0,00	0,00



B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00
	TOTAL GASTOS	1.156.005,83	1.174.337,55

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Orzamento 2019	Orzamento 2018
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.156.005,83	1.174.337,55
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	1.126.005,83	1.119.662,92
1	Impostos directos	219.254,77	223.752,03
2	Impostos indirectos	7.375,88	12.826,57
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	258.333,62	241.640,96
4	Transferencias correntes	641.041,56	641.427,93
5	Ingresos patrimoniais	0,00	15,43
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	30.000,00	54.674,63
6	Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	30.000,00	54.674,63
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00
	TOTAL INGRESOS	1.156.005,83	1.174.337,55

DOS GASTOS

As dotacións orzamentarias incluídas nos Estados de Gastos do Proxecto do Orzamento Xeral para o ano 2019 foron calculadas a partir dos datos de natureza contable deducidos dos exercicios precedentes e das necesidades reais previas, todo calculado atendendo á potencialidade económica do municipio. Dito estado de gastos totaliza en 1.156.005,83 euros.

A pormenorización das dotacións orzamentarias por capítulos do Estado de Gastos, é a que a continuación se expón:

CAPÍTULO 1. Respecto do **gasto de persoal**, existe unha correlación entre os créditos do capítulo I de gastos de persoal incluídos no orzamento e o anexo de persoal desta entidade local para este exercicio económico.

Os créditos consignados recollen os incrementos retributivos establecidos no Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións



no ámbito do sector público. Se ben, non aparece orzamentado dentro dos créditos iniciais, o posible incremento salarial adicional con efectos de 1 de xullo de 2019 establecido no artigo 3.dous do citado R.D.-lei para o caso de que o Producto Interior Bruto (PIB) a precios constantes alcance ou supere o 2,5 por cento, pois no mesmo tamén se plantexa diminución do incremento con efectos de 1 de xaneiro para o caso de que creza inferior ao 2,5 por cento, suposto este último no que serían suficientes os consignados. Cando se coñeza con exactitude o incremento/diminución do PIB actuarase en consecuencia en función do crédito dispoñible, tramitando modificación orzamentaria no caso de resultar necesario.

En relación a valoración do complemento específico do posto de traballador social nos termos sinalados no artigo 4 do RD 861/1986, de 25 de abril, de réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, habida conta que este concello non dispón de relación de postos de traballo e a urxencia na súa cobertura segundo inspección practicada pola Consellería de Política Social, o foi valorado atendendo aos establecidos nos distintos postos de réxime funcional do concello.

CAPÍTULO 2. *Comprende os gastos que se orixinan pola compra de bens correntes e servizos, para o mantemento da estrutura administrativa, técnica e dos diferentes centros dependentes desta Administración Local. Experimenta unha diminución de consignación de **gastos en bens e servizos correntes** sobre o do Orzamento do exercicio anterior xustificada fundamentalmente no feito de que non se consignen os gastos correntes financiados ao abeiro do "convenio de colaboración suscrito entre a consellería do medio rural e a entidade local de samos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017, e 2018, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (feader) no marco do pdr de galicia 2014-2020" asinado o 23/06/2016 que rematou a vixencia no exercicio anterior.*

CAPÍTULO 3. *Os gastos financeiros recollidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagamentos de xuros de contas bancarias da entidade. Redúcense respecto aos do exercicio anterior xa que a execución orzamentaria á data de elaboración deste Proxecto de Orzamento manifesta un exceso de previsión en relación ás comisións bancarias pagadas.*

CAPÍTULO 4. *Este capítulo recolle os créditos destinados a entregar a outros sectores para financiar operacións correntes mediante axudas e/ou subvencións en materia social, cultural, deportiva... Igualmente contén as transferencias a Mancomunidades, Asociacións, Entidades Locais e outras Entidades das que forma parte o concello, polo importe das achegas que lle corresponden para a financiación dos servizos prestados polas mesmas.*

Diminúe con respecto ao consignado no exercicio anterior.

CAPÍTULO 6. *Este capítulo recolle a dotación orzamentaria necesaria para facer fronte aos gastos en investimentos novos e de reposición que se estiman necesarios para continuar unha adecuada e correcta prestación nos servizos públicos, financiándose con recursos propios e/ou subvencións. Se inclúen investimentos que se prevén realizar e que se estiman necesarios.*

A diminución en investimentos reais ten fundamentalmente orixe na consignación no Orzamento do exercicio anterior dos investimentos subvencionados ao abeiro do Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018, xa rematado.

Tamén se recollen investimentos de pequenas contías en outras áreas de gasto para facer fronte á futuribles necesidades novas ou reposicións en base á experiencia de exercicios anteriores.

CAPÍTULO 7. *Non se prevén transferencias de capital.*



CAPÍTULO 8. *Non se prevén no Orzamento municipal do exercicio 2019 activos financeiros.*

CAPÍTULO 9. *Non se prevén no Orzamento municipal do exercicio 2019 pasivos financeiros.*

DOS INGRESOS

O cálculo das previsións de ingresos realizouse tomando en consideración as cantidades aprobadas para os últimos padróns de cada concepto, para o caso dos tributos, e as efectivamente recadadas no exercicio anterior para o resto de conceptos, así como os convenios subscritos, compromisos de achega e subvencións sobre as que existe resolución nesta data.

O orzamento de Ingresos do exercicio 2019 ascende a 1.156.005,83 euros.

A pormenorización das previsións orzamentarias por capítulos do Estado de Ingresos, é a que se expón a continuación:

CAPÍTULO 1. *Neste capítulo se inclúen os recursos esixidos sen contraprestación cuxo feito imponible esté constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio ou da obtención de renda. Comprende o imposto de bens inmoebles, tanto de natureza rústica como urbana, o imposto de actividades económicas e o imposto de vehículos de tracción mecánica.*

O importe orzamentado é o correspondente ao último padrón tributario de cada concepto.

CAPÍTULO 2. *Neste capítulo se inclúe como único concepto o Imposto de construcións, instalacións e obras. Para a súa estimación tívose en conta os dereitos recoñecidos netos no exercicio anterior.*

CAPÍTULO 3. *Recolle as figuras tributarias de **taxas, prezos públicos e outros ingresos**. Para a súa cuantificación realizouse unha estimación prudente baseada nos últimos padróns tributarios de cada concepto.*

CAPÍTULO 4. *Ingresos de natureza non tributaria, percibidos polas Entidades locais sen contraprestación directa por parte das mesmas, destinados a financiar operacións correntes. Dito capítulo inclúe a participación en tributos do Estado e o fondo de cooperación local autonómico. Na presente data non se ten coñecemento de que haxa que descontar para o ano 2019 devolucións de liquidacións negativas de exercicios anteriores.*

Se inclúen tamén nas previsións iniciais por este capítulo, aquelas achegas das que se ten coñecemento ou comunicación do compromiso de xeito formal e dos que existe resolución.

CAPÍTULO 5. *Recolle os ingresos de natureza non tributaria, procedentes de rentas da propiedade ou do patrimonio do concello, así como os derivados de actividades realizadas en réxime de dereito privado.*

Tomando como referencia os recoñecidos no exercicio 2018 (e correspondentes a xuros de depósitos) así como a evolución tendencial nos últimos anos, non se prevén no exercicio 2019.



CAPÍTULO 6. *Non se prevén neste exercizo alleamentos de inversións reais, igual que sucedera no exercicio anterior.*

CAPÍTULO 7. *Comprende os créditos para aportacións por parte da entidade local sen contrapartida directa dos axentes beneficiarios e con destino a financiar operacións de capital. Tamén incluíría as subvencións en especie de capital, referidas a bens que adquira a entidade local para a súa entrega aos beneficiarios en concepto dunha subvención previamente concedida.*

Minora con respecto ás previsións do exercicio anterior ao incluír unicamente os financiamentos afectados para os investimentos previstos a realizar no exercicio 2019 imputables á liña 1 do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés suscrito o 17/04/2017 e con vixencia de tres anos.

CAPÍTULO 8. *Non se prevén activos financeiros.*

CAPÍTULO 9. *Non se prevén pasivos financeiros.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE."

Visto que ao remate da lectura da memoria explicativa por parte do sr. alcalde, éste abre a quenda das intervencións, tomando entón a palabra o Sr. concelleiro do Grupo mixto D. José Antonio Real Vázquez para sinalar que lle parece excesiva a diferenza que existe entre os gastos de persoal e o resto, ao que o sr. alcalde resposta que a maioría dos gastos de persoal están subvencionados (obreiros, axuda no fogar...).

O sr. Real sinala que xa sabe o persoal que hai, pero segue pensando que hai moita diferenza de consignación en relación con outros gastos.

Non habendo máis intervencións, o Pleno Corporativo en votación ordinaria e por seis votos a favor dos sres. concelleiros integrantes do Grupo municipal socialista, ningún voto en contra, e unha abstención do sr. concelleiro integrante do Grupo mixto, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2019, integrado unicamente polo Orzamento do concello de Samos, coa documentación anexa referida legalmente e que se une ao expediente, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:



ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe (euros)	Capítulo	Denominación	Importe (euros)
1	Gastos del persoal	725.372,57	1	Impostos directos	219.254,77
2	Gastos correntes en bens e servizos	360.033,26	2	Impostos indirectos	7.375,88
3	Gastos financeiros	650,00	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	258.333,62
4	Transferencias correntes	20.200,00	4	Transferencias correntes	641.041,56
			5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Investimentos reais	49.750,00	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	30.000,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		1.156.005,83	TOTAL INGRESOS		1.156.005,83

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal do concello, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Aprobar inicialmente a masa salarial do persoal laboral deste concello para o ano 2019, que ascende a 353.591,18€.

QUINTO. Expoñer ao público por un prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SEXTO. Remitir copia do expediente orzamentario aprobado ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.

4º.- EXPEDIENTE Nº 1/2019 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE COMPETENCIA PLENARIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que a Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 29 de xaneiro de 2019, por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros, emitiu ditame favorable á proposta de alcaldía obrante no expediente.



Vista a proposta de alcaldía obrante no expediente, da cal deu lectura o sr. alcalde ao Pleno Corporativo, e que se transcribe literalmente:

“

Proposta de Alcaldía

Expediente núm.: 23/2019

Procedemento: Recoñecemento Extraxudicial de Créditos de competencia plenaria nº 1/2019

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido en relación co procedemento e lexislación aplicable para proceder ao recoñecemento extraxudicial dos créditos que a continuación se detallan (e cuxas facturas figuran como anexo ao presente expediente):

Visto que a non aprobación destas facturas para o seu posterior pagamento suporía “un enriquecemento inxusto da administración”, e que, polo seu importe, a imputación dos mesmos ao exercicio corrente non causaría prexuízo nin limitación algunha para a realización das atencións do exercicio corrente.

Visto que o expediente non estivo concluído ata hoxe, e que cómpre adoptar canto antes os acordos que procedan para non alterar o período medio de pago, procedendo xa que logo consonte ao preceptuado polo artigo 126.2 do ROF.

Visto o preceptuado nos arts. 26.2.c) e 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo, órgano competente, a adopción do presente **ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos de competencia plenaria nº 1/2019.

Nº de Entrada no Rexistro de Facturas	Data	Nº de Factura	Data da Factura	Importe	NIF/CIF Emisor Factura	Emisor Factura	Texto Explicativo	Programa	Económica
10	09/01/2019	MA 120	31/12/2018	2.299,00€	B-27032937	COMERCIAL JELU S.L.U.	Lavavaixelas X-50	231	633
28	15/01/2019	191/2018	31/12/2018	86,16	34.247.156-F	SARRIANA DE PATATAS (Mª Aurora González Moreiras)	Patacas, cebolas e allos VVCC e AT	231	22105
29	16/01/2019	-	11/01/2019	6.154,84	P-27062001	CONCELLO DE TRIACASTELA	Aportación semestral traballadora social	231	462
31	17/01/2019	DEC/2018	Do 01/12/2018-31/12/2018	4263,10	A-08431090	NATURGY	Enerxía eléctrica estación de bombeo, centro de saúde, VVCC e AT e alumeados públicos	165 231 312	22100 22100 22100
32	17/01/2019	DEC/2018	Do 03/10/2018 ao 12/12/2018	3.410,66	A-65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA (GRUPO NATURGY)	Enerxía eléctrica estación de bombeo, depuradora, concello, e VVCC e AT	165 231 920	22100 22100 22100



33	18/01/2019	059/2018	28/12/2018	3.434,54€	B-27.148.840	ALCAR ELECTRICIDADE S.L.	Reparacións alumeadado público	165	213
35	21/01/2019	1/2019	17/01/2019	1.006,60	h-27293042	COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. COMPOSTELA	Consumo gasoil VVCC e AT	231	22103

SEGUNDO: Aplicar os citados gastos ao Orzmento de gastos do exercicio 2019 con cargo ás aplicacións sinaladas.

TERCEIRO: Que se proceda pola Intervención Municipal á súa contabilización nas partidas correspondentes.

O alcalde,

Asdo.- Julio Gallego Moure.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”

Tras a única intervención do sr. concelleiro do Grupo mixto, D. José Antonio Real Vázquez, para manifestar que as facturas hai que pagalas, o **Pleno Corporativo** en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes (sete votos a favor), sendo nove o número legal de membros, **aproba a proposta de alcaldía anteriormente transcrita.**

5º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPAREN OS BACHES DA PISTA QUE COMUNICA A ESTRADA LU-633 CO POBO DE SANCOCBADE.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2019-E-RC-135 en data 28 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pista que comunica a estrada LU-633 co pobo de Sancobade, atópase nun estado lamentable de conservación, que impide ós usuarios de esa vía circular como se debería nestes tempos, e como se cumpren tres anos dende que pedíramos o seu arranxo sen que se lle dera solución:

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte:



ACORDO

1º.-Que se reparen os baches de dita pista para poder circular por ela con normalidade. “

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Pola nosa parte non hai problema, que se reparen.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois a ver, xa van tres anos.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (sete votos a favor) sendo nove o número legal de membros, **o Pleno Corporativo aproba a moción transcrita anteriormente.**

6º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS** sen que se plantexe algún.

A continuación se inicia a quenda de **PREGUNTAS** e cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura á presentada en escrito con R.X. nº 2019-E-RC-136 en data 28 de xaneiro, e que a continuación se transcriben:

“1.- Por qué non se arranxou a rúa do Colledeiro mesturando co formigón, materiais como a pizarra , pedras en chapacuña ou outro material noble , para que así quedara mais acorde coás outras rúas , nun pobo que é BIC ?”

- SR. ALCALDE.- Porque ese sería o problema, se cambias o material existente poden non autorizar as obras, como pasou na obra da Casa da Botica.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Cos meus respetos non é o mesmo, quedou horrible, poderíase haber posto pedra nas aceiras. Parece que volvemos para atrás, despois os veciños denuncian e a ver quén paga os xuízos...¿e pediuse permiso a Patrimonio? Estráñame que o autorizara Patrimonio...

-SR. ALCALDE.- Sí se pediu. Na Casa da Botica tiveron que quitar a pedra e darlle cal para que o autorizara Patrimonio. A pedra nas aceras da problemas, estase a levantar. O hormigón é uniforme e non se resbala.



-SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois haberá que ver o informe de Patrimonio para ver o que pon, xa consultarei o expediente, porque eu creo que non se pediu. As aceiras si se limpan con hidrolimpadora non resbalan. Ao meu entender quedou fatal, nun pobo que é turístico.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e vintecinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,

BORRADOR